Portal de servizos e recuperacion de contrasinal

AxudaTIC

INCIDENCIAS E SOLICITUDES

Incidencias
Informar dunha incidencia do servizo

* só para incidencias relativas ao portal https://servizos.udc.es

Para outras incidencias de ferramentas ou aplicacións buscar dentro de AxudaTIC o servizo correspondente no catálogo para dala de alta

INSTRUCCIÓNS DE USO

Indicacións para asegurar a conta de usuario de servizos da UDC (de accesos ao correo e outras aplicacións)

Instrucións en caso de roubo do contrasinal

APLICACIÓNS

Acceso ao portal de servizos

Recuperación de contrasinal de usuario

Autosincronización da conta de Federico

DESCRICIÓN DO SERVIZO

COMO RECUPERAR OS DATOS DA TÚA CONTA DE SERVIZOS

1
Se tes conta de correo electrónico de recuperación

Se tes configurada unha conta de correo electrónico de recuperación, só tes que acceder ao enderezo: https://servizos.udc.es/activacion/recuperar-contrasinal para asignar unha nova contrasinal. Ao facer click nesta opción deberás introducir o teu usuario de servizos **(sen @udc.es)** e o sistema enviarache un correo a esta conta que teñas de recuperación para poder poñer un contrasinal novo.

Lembrámosche que en calquera momento podes establecer unha conta de correo electrónico de recuperación por se esqueces o teu contrasinal. Entra no teu perfil de servizos https://servizos.udc.es para establecer esa conta de correo electrónico e así poderemos enviarche unha mensaxe que che permita acceder nestes casos.

Ver máis:

- Podes ver aquí os pasos e un vídeo sobre como recuperar o meu contrasinal de servizos a través da conta de recuperación que teño configurada
- Como poño un correo de recuperación en caso de non telo

2
Se non tes conta de correo de recuperación pero si tes certificado dixital da FNMT

Se tes un certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) podes acceder con el á túa conta de servizos no portal https://servizos.udc.es e configurar unha conta de correo de recuperación dentro do menú "o teu perfil" co que poderás executar xa o punto 1.

Ver máis:

- Podes ver aquí os pasos e un vídeo sobre como recuperar o meu contrasinal de servizos co meu certificado dixital da FNMT

3
Se non tes correo electrónico de recuperación o tampouco certificado dixital da FNMT

ALUMNADO

Debes dirixirte á administración ou secretaria do teu centro ou poñerte en contacto con eles. Aquí poderás consultar todos os datos para contactar.

TRABALLADOR/A

- Paso 1: Deberás contactar co CAU a través do teléfono (981 167000, extensión 2222) ou do correo cau.sic@udc.es

- Paso 2: O CAU solicitarache que te identifiques, polo que debes ter a mano o teu DNI.
- Paso 3: O CAU facilitarache un novo contrasinal